

**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
O DÍA 27/03/2023
(Extracto en <https://sede.vilagarcia.gal> - transparencia)**

PRESIDENTE

ALBERTO VARELA PAZ

CONCELLEIROS/AS

Lista de asistentes

ARGIMIRO SERÉN MERA
DIEGO GARCIA SANTIAGO
JOSE MARIA GONZALEZ ARAUJO
LINO MOURIÑO SANTIAGO
LUZ MARIA ABALO PÉREZ
MATILDE LAYA LORENZO

Lista de non asistentes

TANIA GARCÍA SANMARTÍN

SECRETARIA

MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

INTERVENTORA

MONSERRAT CORES VAZQUEZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 27/03/2023 reuníronse na Sala de reunións, previa a oportuna citación e en primeira convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .
Desculpada a ausencia dos/as concelleiros/as indicados/as, e comprobada a existencia de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 20-mar-2023, que se aprobou por unanimidade.

RÉXIME INTERIOR

PRP2023/0935

Dáse conta do escrito presentado por D. José Casal Mosteiro no que indica que no portal nº 1 da Rúa Doutor Fleming colocase unha rampla metálica cara a entrada dos garaxes comunitarios, o que causa molestias aos usuarios dos citados garaxes, e solicita a retirada da mesma.

Dáse conta de informe da Policía Local no que se indica que efectivamente está colocada unha pequena rampla ao obxecto de salvar o pequeno banzo, posiblemente para o acceso dalgunha cadeira de rodas ou carriño adaptado, supoñendo que dita rampla foi instalada pola Comunidade de Propietarios, non invadindo nin afectando á vía pública.

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda comunicar ao Sr. Casal Mosteiro que dado que se trata dun espazo pivado, deberá dirixirse á Comunidade de Propietarios Marxión nº 1 ou Comunidade de Garaxes, dado que se trata dun problema nunha zona privativa do edificio.

PRP2023/0936

Dáse conta de escrito presentado por D. Darío Fole Rodríguez, concesionario do Quiosco situado no parque da praia da Compostela, con actividade durante os meses de xuño a setembro, solicitando a sinalización dunha zona de carga e descarga.

Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda autorizar a sinalización da zona de carga e descarga xenérica, á altura da pequena cancela pola que se accede ao Parque, e se atopa xusto fronte ao quiosco (ocupando algo máis de dúas prazas de estacionamento) mediante delimitación horizontal con caxetin e zona descontinua de amarelo contra o bordo, acompañado de sinal vertical S-17 co lema "carga e descarga, max. 20 minutos", en horario de 7 a 12 horas, de luns a sábado, e dado que o citado quiosco ten actividade na época de verán, indicarse así mesmo na placa "do 1 de xuño ao 30 de setembro".

Dar conta ao Servizo Municipal de Obras e Policía Local.

PRP2023/0944

Dáse conta do escrito presentado por D. Francisco Javier García López no que indica que padece unha discapacidade do 71% con mobilidade reducida, polo que solicita a sinalización dunha praza de estacionamento para persoas con discapacidade na Avda. de Vilanova, á altura do nº 82.

Dáse conta de informe da Policía Local no que se indica que a citada vía é de titularidade autonómica (PO-549), polo que sería o organismo competente para resolver sobre o solicitado polo Sr. García López.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda remitir a petición do Sr. García López á Xefatura Territorial de Estradas aos efectos oportunos.

PRP2023/0968

Dáse conta do escrito presentado por CP Garajes La Junquera, solicitando a revisión da sinalización do vao permanente de entrada e saída do garaxe, situado en Avda. Doutor Toruón nº 34.

Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda autorizar á Comunidade de Propietarios Garaxes La Junquera para que procedan ao pintado en amarelo das 2 liñas lonxitudinais e aspas cruzadas coas que hai no su interior, co fin de delimitar correctamente o vao permanente.

PRP2023/1039

Dáse conta de escrito presentado por Dona María Jesus Ferreira Castaño, en representación da Asociación Cultural Musical Coda solicitando a ocupación de vía pública na Rúa Aquilino Iglesias Alvariño, así como a cesión dun escenario de 8x5 m. e 250 cadeiras, co fin de celebrar audicións o día 25 de marzo.

Dáse conta de informe favorable da Policía Local.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2023/1040

Dáse conta do escrito presentado por Dona Eva Serén Charlin, solicitando a situación dun novo paso de peóns na Avda. Agustín Romero, próximo ó número 17, dado que na actualidade existe un paso de peóns ao finalzala rúa, cerca da rotonda e o seguinte paso de peóns está cerca de protección civil.

Dáse conta de informe da Policía Local, no que se indica que o asunto xa foi tratado pola Xunta de Goberno Local de data 9 de maio de 2022, no que se acordaba solicitar ao organismo titular da estrada (Consellería de Infraestructuras e Mobilidade-Servizo de Estradas de Galicia) para a sinalización do paso de peóns, considerando a situación mais axeitada fronte ao nº 11 ou fronte ao nº 29 da citada Rúa.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda reiterar a petición á Xefatura Territorial de Estradas.

PRP2023/1120

Vista a proposta da Área de Comunicación Social, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar os orzamentos presentados pola Empresa Visual Graphics Imagen y Publicidad SL para a instalación de sinalética nos seguintes servizos ou dependencias municipais, con cargo á partida 920.212:

- Indicador en bandeira para SERVICIOS SOCIAIS, en aceiro inoxidable, de 50x10 cm: 1.096,26 €

(IVE incluído).

- Indicador para a POLICÍA LOCAL, en bandeira (50x100 cm.) con perfilería de aluminio, base de composite azul e tipografía calada con fondo de metacrilato: 876,04 € (IVE incluído).

- Indicador para a NAVE/OFICINA DO SERVIZO DE OBRAS, con letras corpóreas (tamaño total 406x70 cm) en substrato ríxido de PVC de 30 mm: 1.801,02 € (IVE incluído).

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2023/1124

Dáse conta da proposta de convenio a asinar entre D. Francisco Javier Abalo Diz, e D. José Luis López Miguens, en representación da Mercantil Promarsa Arousa SL e o Concello de Vilagarcía de Arusa para a cesión dunha superficie de 109,40 m² de parcela situada na Rúa Aquilino Iglesia Alvariño (Ref. catastral 9863003NH1196S0001UJ), coa finalidade de proceder a dar cumprimento ás previsións do PXOM coa ampliación e mellora do vial da Rúa Aquilino Iglesia Alvariño.

O Concello de Vilagarcía comprométese a realizar as actuacións que sexan necesarias con máximo respecto á lexislación aplicable. Así mesmo comprométese a incorporar, na revisións do PXOM, os terreos necesarios para a apertura dos viais aos efectos de posibilitar o desenvolvemento da unidade de execución da que forma parte a parcela afectada pola cesión.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda aprobar a sinatura do citado convenio e a aceptación da cesión de 109.40 m², así como os compromisos que figuran no mesmo.

PRP2023/1132

Dáse conta da proposta de convenio a asinar entre D. Francisco Javier Abalo Diz, e D. José Luis López Miguens, en representación da Mercantil Promarsa Arousa SL e o Concello de Vilagarcía de Arusa para a cesión da seguinte superficie da parcela situada na Rúa Aquilino Iglesias Alvariño (REf. catastral 9863003NH1196S0001UJ):

- Superficie de 476,35 m² destinada a mellora de vial na Rúa Aquilino Iglesias Alvariño

- Superficie de 1.751,65 m² destinada a aparcadoiro, cunha duración inicial de tres anos, sendo prorrogable por períodos anuais no caso de que ningunha das partes manifieste a súa vontade de deixar sen efecto o citado convenio.

O Concello de Vilagarcía comprométese a realizar as actuacións que sexan necesarias con máximo respecto á lexislación aplicable. Así mesmo comprométese a incorporar, na revisións do PXOM, os terreos necesarios para a apertura dos viais aos efectos de posibilitar o desenvolvemento da unidade de execución da que forma parte a parcela afectada pola cesión.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda aprobar a sinatura do citado convenio e a aceptación da cesión dos terreos nas condicións e cos compromisos que figuran no mesmo.

PRP2023/1282

A Edusi Vilagarcía Avanza inclúe dentro das súas distintas liñas de actuación unha denominada VGL_A04_MOVPECI, cuxo obxectivo é o progreso da mobilidade peonil e ciclista mediante a mellora da infraestrutura ciclista, acondicionamento de itinerarios peonís e recuperación do sistema de préstamo de bicicletas. Esta operación está, ademais, relacionada coa liña de actuación MOVOSOS "de mellora e potenciación da mobilidade urbana sostible", e, en xeral transversalmente, con toda a Edusi, xa que a aposta polo transporte alternativo, libre de emisións, diminuíndo o tráfico no medio da cidade e polo tanto mellorando a calidade de vida

dos cidadáns, e un obxectivo común a toda estratexia.

A recuperación do Vaibike e algo moi esperado por boa parte da poboación, volvendo cun carácter renovado, mais moderno, con mais estacións e máis bicicletas e a intención de converterse non so nun medio de ocio se non en transporte diario.

Para o arranque do servizo estableceuse unha tarifa única coa duración de so tres meses, do 1 de abril ao 30 de xuño, baixo a denominación "Volvemos" e un prezo simbólico de un (1) euro. Ademais as primeiras cincocentas persoas que se inscriban recibirán gratuitamente un chaleco reflectante coa marca do servizo (Vaibike) e os logos correspondentes da Unión Europea e Fondos Feder, grazas aos cales se puido recuperar este servizo.

Vista a proposta da Área de Comunicación Social, e co fin de dar difusión a nova posta en marcha do servizo, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o seguinte gasto, por un importe total de 9.765,75 € (IVE incluído), con cargo á partida 926.2269917.

- La Voz de Galicia SA, anuncio de unha páxina: 1.216,05 €
- Faro de Vigo SAU, anuncio de unha páxina: 1.433,85 €
- Diario de Arousa (Editorial la Capital, S.L.), anuncio de unha páxina: 931,70 €
- Onda Cero (UNIPREX, S.A.U.), cuñas publicitarias: 600,00 €
- Arousa Si Radio (Purificación González Miguez), cuñas publicitarias: 363,00€
- Televisión da Mancomunidade do Salnés SL (Canal Rias Baixas): Emisión de microvideos sobre as normas de uso do Vaibike; 726,00 €
- Pablo Jueguen García (RR SS Concello VGA): compra de espazos en Facebook e Instagram para a difusión dos microvideos sobre o uso do Vaibike; 605,00 €
- Rafael Pedro Sabugueiro Sánchez (PSPProVideo): Elaboración de microvídeos para a difusión do Vaibike (normas, app. conducta, estacións): 1.179,75 €
- Serilua Merchandising SL: Elaboración e serigrafado de 500 chalecos reflectantes e 500 bolsas de poliéster con banda reflectante: 2.710,40 €

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

RECURSOS HUMANOS

PRP2023/1023

Acórdase o recoñecemento de obrigação a favor dos seguintes Grupos Municipais, polo importe total de 7.500,00 €, correspondente á asignación económica a Grupos Municipais do 1 ao 28 de febreiro de 2023, de conformidade co establecido polo Pleno da Corporación Municipal de data 27 de xuño de 2019, con cargo á partida 912.489, coa seguinte desagregación:

- Grupo Municipal do PSdG-PSOE, por un importe total de 3.900,00 €
- Grupo Municipal do P.P., por un importe total de 1.800,00€
- Grupo Municipal de BNG, por un importe total de 600,00 €
- Grupo Municipal de Vilagarcía en Común, por un importe total de 600,00 €.
- Grupo Municipal de Marea da Vila, por un importe total de 600,00 €

PRP2023/1022

Acórdase o recoñecemento de obrigação a favor dos/as Sres./as Concelleiros/as, membros da Corporación Municipal, polos importes que a seguir se din, correspondentes a asistencia ás sesións do Pleno, Xuntas de Goberno e Comisións Informativas, do 1 ao 28 de febreiro de 2023,

por un importe total de 6.580,00 € e con cargo á partida 912.233:

CARGO ELECTO	Nº sesións Plenos e XGL	DIETAS PLENOS e XsGL	Nº sesións Comisións informativas	DIETAS INFORMATIVAS COMISIÓNS	TOTAL EUROS
D. ARGIMIRO SERÉN MERA	5	x 130,00 €	2	x 110,00 €	870,00 €
Dª LUZ Mª ABALO PEREZ	5	x 130,00 €	2	x 110,00 €	870,00 €
D. DIEGO GARCIA SANTIAGO	5	x 130,00 €	2	x 110,00 €	870,00 €
D. JOSE MARIA GONZALEZ ARAUJO	5	x 130,00 €	2	x 110,00 €	870,00 €
Dª MATILDE LAYA LORENZO	5	x 130,00 €	2	x 110,00 €	870,00 €
Dª ANA Mª GRANJA GUILLAN	1	x 130,00 €	2	x 110,00 €	350,00 €
Dª YOLANDA BOVEDA DIAZ	---	x 130,00 €	---	x 110,00 €	0,00 €
Dª INMACULADA DIEZ VILLARROYA	1	x 130,00 €	2	x 110,00 €	350,00 €
D. RAUL SANTAMARIA GONZALEZ	1	x 130,00 €	2	x 110,00 €	350,00 €
D. ROBERTO DOMINGUEZ BUSTELO	1	x 130,00 €	---	x 110,00 €	130,00 €
Dª Mª DE LA O FERNANDEZ GONZALEZ	1	x 130,00 €	2	x 110,00 €	350,00 €
D. JUAN MANUEL FAJARDO RECOUSO	---	x 130,00 €	---	x 110,00 €	0,00 €
D. XOSÉ LOIS LEIROS GUDE	1	x 130,00 €	2	x 110,00 €	350,00 €
D. DAVID HIGINIO OLIVEIRA BARREIRO	1	x 130,00 €	2	x 110,00 €	350,00 €
TOTAL					6580,00 €

BENESTAR SOCIAL

BENESTAR SOCIAL

PRP2023/1107

Dende a Coordinación de Servizos Sociais dáse conta á Xunta de Goberno Local da RESOLUCIÓN da Presidencia de Deputación Provincial de Pontevedra a concesión da subvención ao abeiro do PLAN CONCELLOS 2023- para o PROXECTO PROXECTO ESTIMULACION COGNITIVA E PSICOMOTRIZ por importe de 7.181,00 euros.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2023/1108

Dende a Coordinación de Servizos Sociais dáse conta á Xunta de Goberno Local da RESOLUCIÓN da Presidencia de Deputación Provincial de Pontevedra a concesión da subvención ao abeiro do PLAN CONCELLOS 2023- para o PROXECTO PREVENCIÓN ADICCIÓN AO XOGO DE APOSTAS por importe de 3.000,00 euros.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2023/1109

Dende a Coordinación de Servizos Sociais dáse conta á Xunta de Goberno Local da RESOLUCIÓN da Presidencia de Deputación Provincial de Pontevedra a concesión da subvención ao abeiro do PLAN CONCELLOS 2023- para o PROXECTO TEATRO FORO por importe de 3.000,00 euros.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2023/1110

Dende a Coordinación de Servizos Sociais dáse conta á Xunta de Goberno Local da RESOLUCIÓN da Presidencia de Deputación Provincial de Pontevedra a concesión da subvención ao abeiro do PLAN CONCELLOS 2022- para o PROXECTO EMPATIZA por importe de 5.000,00 euros.

A Xunta de Goberno Loal queda sabedora.

EMPREGO

PRP2023/1101

Vista a proposta da Concellería de Promoción Económica, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a solicitude á Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, dunha subvención total de 61.200 €, ao abeiro da Orde do 13 de marzo de 2023 (DOG nº 56 do 21/03/23) pola que se establecen as bases que regulan para o exercicio 2023 as axudas e subvencións, en concurrencia competitiva, para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais para a contratación de 12 traballadores/as desempregados/as (Bañistas/Socorristas) a xornada completa durante tres meses, dende o 1 de xullo de 2023 para a realización de actividades de asistencia, salvamento e socorrismo nas praias do Municipio, cunha aportación municipal de 3.600,36 €.

PRP2023/1105

A Concellería de Promoción Económica é a encargada da implantación de programas de Promoción de Emprego e emprendemento abertos á participación de todas as persoas do municipio.

O desenvolvemento destes programas e actividades de promoción e fomento da actividade empresarial e emprendedora vense realizando de xeito continuado nos últimos anos a través de diversas iniciativas como as mesas do consello económico e social e os procesos de concertación social cos diversos axentes económicos do territorio.

A estratexia polo emprendemento o auto-emprego e o pulo a actividade empresarial e industrial no Concello intégrase nun conxunto de accións levadas a cabo pola Concellería de promoción económica ó longo dos últimos anos, especialmente nos anos posteriores á pandemia provocada pola COVID-19.

A concellería de promoción económica ten intención de retomar os procesos de concertación social xa iniciados, mantendo reunións periódicas cos axentes sociais do territorio e coas empresas punteiras de Vilagarcía, co fin de continuar coa estratexia conxunta de desenvolvemento territorial, tendo en conta a realidade económica local.

Polo exposto cómpre darlle continuidade ás iniciativas que se inclúen na seguinte proposta, entendendo que a vía da externalización a través de contrato é a máis efectiva para acadar os fins que se pretenden, sendo o obxecto e finalidade do contrato:

1. Elaboración e redacción dun cadro de síntese de indicadores do Concello, nos eidos de:
 - Poboación
 - Mercado laboral
 - Demografía empresarial e actividade económica
2. Elaboración o caderno de venda “invest in Vilagarcía”
3. Organización da mesa de Empresas tractoras do Concello de Vilagarcía
4. Apoio ao proceso de concertación tripartito” Mesa Local de Dialogo social e Mesa de Empresas tractoras

Vista a proposta da Área de Promoción Económica - Desenvolvemento Local, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa CRAFTIUM

CONSULTORES S.L., CIF B94157260, por contía de 7.865,00 Euros IVE INCLÚIDO, con cargo á partida orzamentaria 4311.22799.

EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS

EDUCACIÓN

PRP2023/0974

Dáse conta de acordo da Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra, de data 10/03/2023 con nº 12.32390, polo que se concede a este Concello – Conservatorio Profesional de Música - unha subvención para os gastos derivados da celebración do VI FESTIVAL INTERNACIONAL DE MÚSICA CLASCLAS por un importe de 30.000,00 € e cun orzamento de 30.500,00 € ao abeiro da Liña 2. Gasto corrente derivado da realización de actos culturais, deportivos, sociais, educativos ou turísticas, do PLAN DE OBRAS E SERVIZOS (PLAN CONCELLOS 2023).

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2023/0975

Dáse conta de acordo da Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra, en sesión do día 12 de marzo de 2023, acordo 12.32390, polo que se concede unha subvención ao Conservatorio Profesional de Música do Concello de Vilagarcía de Arousa, por un importe de 18.181,00 €, para gastos de limpeza, aseo e enerxía eléctrica do Conservatorio Profesional de Música, cun orzamento de 19.000,00 € ao abeiro da Liña 2 Gasto corrente para a realización de actividades culturais, sociais e deportivas do PLAN DE OBRAS E SERVIZOS (PLAN CONCELLOS 2023)..

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2023/1055

Este Concello ten solicitado subvención á Deputación Provincial ao abeiro das Bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos Plan Concellos 2023 para os gastos derivados da celebración do VI FESTIVAL INTERNACIONAL DE MÚSICA CLASCLAS 2023, que foi concedida por Acordo da Xunta de Goberno da Deputación con data 10/03/2023, dándose conta a XGL na sesión do 27/03/2023.

O importe do proxecto remitido á Deputación ascende a 30.500,00 € e o importe concedido ascende a 30.000,00 €.

Compre desenvolver o orzamento de gastos do festival para esta edición, neste caso con cargo ao Plan Concellos 2023 con código 2023-3-POS23-4.

Resulta preciso é necesario modificar o importe do orzamento do dito proxecto, pasando da cantidade inicialmente prevista de 30.500,00 € a 33.344,00 €, financiándose esta diferenza de gastos con aportación de RRPP do orzamento do Conservatorio Profesional de Música para o exercicio 2023

Partida	Descrición	Concepto	Importe
3261.22606	Reunións, conferencias e eventos	Caché artistas Masterclasses	8.440,00 €
3261.22609	Actividades culturais e deportivas	Cachés artistas	24.904,00 €
TOTAL			33.344,00 €

A financiación do orzamento do proxecto 2023-3-POS23-4 será a seguinte:

Concepto	2023-3POS2023-4		Porcentaxe
Doutras Entidades Locais	Plan Concellos 2023	30.000,00 €	89,97%
Recursos Propios	Recursos Propios	3.344,00 €	10,03%
TOTAL			100%

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento de gastos para a realización do Proxecto “Gastos derivados da celebración do VI Festival Internacional de Música clasclas 2023” por un importe total de 33.344,00 €, de conformidade co financiamento indicado.

PRP2023/1056

Con data de 06/02/2023 a XGL aprobou o Proxecto da VI edición do Festival Internacional de Música clasclás, quedando pendente de presentar o orzamento estimativo de gastos do mesmo. Compre pois, proceder a presentación do Orzamento de gastos desta edición que se divide en dous propostas e proxectos diferenciados: A) Por un lado o Orzamento clasclas Concello 2023, con código de proxecto 2023-3-CRRTE-4 e que se financiará con recursos propios do Concello de Vilagarcía de Arousa e a venda de entradas.

B) Por outra banda, e en proposta diferenciada, con Código de Expediente CONSER/2023/000011 figura o Orzamento clasclas 2023 con código de proxecto 2023-3-POS23-4 que desenvolve a subvención concedida pola Deputación Provincial para esta VI edición no marco do Plan Concellos 2023 e que se financia coa subvención obtida e recursos propios.

Concepto	Código	Importe	Financiación	Porcentaxes
Orzamento Clasclas 2023 Concello Recursos propios	Proxecto 2023-3CRRTE--4	53.406,00 €	47.656,00 € RRPP	89,23%
			5.750,0 € Venda de entradas Ataquilla	10,77%
Orzamento Clasclas 2023 Deputación Provincial	Proxecto 2023-3-POS23-4	33.344,00 €	30.000,00 € Plan Concellos 2023	89,97%
			3.344,00 € RRPP	10,03%
TOTAL ^o		88.750,00 €		

Por todo o anteriormente exposto, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o Proxecto de orzamento de gastos clasclás Concello 2023 para a realización da VI edición do Festival Internacional de Música clasclás 2023, financiado con recursos propios e venda de entradas, polo importe total de 53.406,00 € e con código 2023-3-CRRTE-4.

PRP2023/1057

Con data de 06/02/2023 a XGL aprobou a proposta de organización do VI Festival Internacional de Música clasclás 2023. Con anterioridade a esta data, a XGL na sesión do 30/01/2023, adoptou o acordo de solicitude de subvención perante a Deputación Provincial - Plan Concellos 2023 - polo importe de 30.000,00 €. Dita subvención foi concedida pola Deputación Provincial, dándose conta a XGL na sesión do 27/03/2023.

Vista a proposta da Directora do Conservatorio Profesional de Música, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Aprobar os contratos do Programa Artístico da VI edición do Festival Internacional de Música clasclás 2023 que se indican baixo estas liñas e que figuran coma anexos a proposta. Os contratos serán asinados polo Alcalde e interesados e, posteriormente, darase conta de dita sinatura á XGL:

Beatrix-Elisabeth Jerie-Schneider, con pasaporte nº X3682520 de Suiza

Marek Kozak, con nº de ID 213804934 da República Checa

Simon Kotek, con nº de ID 86581988 da República Checa

Segundo.- Aprobar os cachés dos seguintes Artistas participantes na VI edición do Festival Internacional de Música clasclás 2023:

Beatrix-Elisabeth Jerie-Schneider, con pasaporte Suízo nº X3682520 , polo importe total de 8.440,00 € con cargo ao Proxecto con código 2023-3-POS23-4, con cargo á partida 3261.22606.

Marek Kozák, con nº de ID 213804934 da República Checa, polo importe total de 4.334,00 € con cargo ao Proxecto con código 2023-3-POS23-4, con cargo á partida 3261.22609.

Simon Kotek, con nº de ID 86581988 da República Checa, polo importe total de 6.552,15,00 € con cargo ao Proxecto con código 2023-3-CRRTE-4, con cargo á partida 3261.22609.

PRP2023/1058

Con data de 06/02/2023 a XGL aprobou a proposta de organización do VI Festival Internacional de Música clasclás 2023. Con anterioridade a esta data, a XGL na sesión do 30/01/2023, adoptou o acordo de solicitude de subvención perante a Deputación Provincial - Plan Concellos 2023 - polo importe de 30.000,00 €.

Dita subvención foi concedida pola Deputación Provincial, dándose conta a XGL na sesión do 27/03/2023.

Vista a proposta da Directora do Conservatorio Profesional de Música, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro: Aprobar o contrato do Programa Artístico da VI edición do Festival Internacional de Música clasclás 2023 a Mito Concerts S.L. con CIF B65586000 e que figura coma anexo á proposta. O contrato será asinado polo Alcalde e interesados e, posteriormente, darase conta de dita sinatura á XGL.

Segundo.- Aprobar o caché correspondente a Mito Concerts S.L. con CIF B65586000, polo importe total de 7.865,00 €, pola realización dun concerto no Pazo da Golpelleira o día 28 de xuño de 2023, con cargo ao proxecto 2023-3-POS23-4 (partida 3261.22609).

PRP2023/1059

Con data de 06/02/2023 a XGL aprobou a proposta de organización do VI Festival Internacional de Música clasclás 2023. Con anterioridade a esta data, a XGL na sesión do 30/01/2023, adoptou o acordo de solicitude de subvención perante a Deputación Provincial - Plan Concellos 2023 - polo importe de 30.000,00 €.

Dita subvención foi concedida pola Deputación Provincial, dándose conta a XGL na sesión do 27/03/2023.

Vista a proposta da Directora do Conservatorio Profesional de Música, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Aprobar o contrato do Programa Artístico da VI edición do Festival Internacional de Música clasclás 2023 a Mendialdúa Music S.L. con CIF B19267855 e que figura coma anexo á proposta. O contrato será asinado polo Alcalde e interesados e, posteriormente, darase conta de dita sinatura á XGL.

Segundo.- Aprobar o caché correspondente a Mendialdúa Music S.L. con CIF B19267855, polo importe total de 6.655,00 €, pola realización dun Concerto no Auditorio Municipal o día 29 de xuño de 2023, con cargo ao proxecto 2023-3-POS23-4 (partida 3261.22609).

PRP2023/1060

Con data de 06/02/2023 a XGL aprobou a proposta de organización do VI Festival Internacional de Música clasclás 2023. Con anterioridade a esta data, a XGL na sesión do 30/01/2023, adoptou o acordo de solicitude de subvención perante a Deputación Provincial - Plan Concellos 2023 - polo importe de 30.000,00 €.

Dita subvención foi concedida pola Deputación Provincial, dándose conta a XGL na sesión do 27/03/2023.

Vista a proposta da Directora do Conservatorio Profesional de Música, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Aprobar o contrato do Programa Artístico da VI edición do Festival Internacional de Música clasclás 2023 a Cuarteto Quiroga S.L., con CIF B64792971e que figura coma anexo á proposta. O contrato será asinado polo Alcalde e interesados e, posteriormente, darase conta de dita sinatura á XGL.

Segundo.- Aprobar o caché correspondente a Cuarteto Quiroga S.L., con CIF B64792971, polo importe total de 6.050,00 €, pola realización dun Concerto no Auditorio Municipal o día 30 de xuño de 2023, con cargo ao proxecto 2023-3-POS23-4. (partida 3261.22609).

PRP2023/1142

Dáse conta de informe do Director da Escola de Música en relación coa realización dunha xira de concertos didácticos por parte do profesorado da Escola Municipal de Música, coa denominación "Un mundo marabilloso", nos que participará o alumnado de 6º curso de infantil e 1º curso de Educación Primaria, así como tamén alumnado do CEE de Vilagarcía e das EEI de Solobeira, Aralde, Bamio e Guillán, coa seguinte desagregación:

- Día 24 de abril de 2023, ás 10:00 horas: montaxe, ensaio xeral no Auditorio Municipal.
- Día 25 de abril de 2023, ás 11:00 horas: Concerto no Auditorio Municipal no que participan CEIP Arealonga, CEIP A Lomba, CEIP Anexo A Lomba, CEIP O Piñeiriño, CEIP A Escardia, CEIP Vilaxoán, CEIP Rubiáns, CEE Vilagarcía, Colexio San Francisco, Colexio Sagrada Familia, EEI Solobeira, EEI Aralde-Sobrán, EEI Vilar-Bamio e EEI Guillán.

Os mestres que participaran o farán fóra do horario habitual de traballo, compensando as horas invertidas nos concertos en periodo non lectivo para in interferir as clases habituales.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda dar a súa conformidade á realización dos concertos citados.

PRP2023/1144

Vista a proposta do Director da Escola municipal de Música "Bernardo del Río", a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Empresa Pereira SL para 5 autobuses de 55 prazas/cada un para o desprazamento e regreso ao Auditorio Municipal dos asistentes ao Concerto Didáctico "Un Mundo Marabilloso", dende os seguintes centros educativos (CEIP Vilaxoán (1), CEIP Piñeiriño (2), CEIP Rubiáns (1), EEI de Solobeira, Aralde, Bamio e Guillán (1), por un importe total de 680,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 320.22610. Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2023/1145

Dáse conta do informe do Director da Escola de Música en relación coa xustificación ante a Deputación Provincial da subvención concedida ao abeiro do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022 - Liña 2 (Gasto Corrente Novo, por importe de 9.500,00 € para limpeza da Escola Municipal de Música, ascendendo os gastos totais a 15.498,70 €.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda aprobar a conta xustificativa da citada subvención.

PRP2023/1153

Vista a proposta da Directora da Biblioteca Municipal a Xunta de Goberno Local acorda aprobar as normas que rexerán a selección dos premios anuais ós/as mellores lectores/as-usuarios/as do servizo de préstamo a domicilio da rede municipal de bibliotecas do Concello (Biblioteca Pública Municipal e Axencias de Lectura de Carril, Bamio e Vilaxoán), dirixidos a usuarios/as de idades comprendidas entre 6 e 12 anos, inclusive.

Os/as premiados/as recibirán un lote de libros adaptado ás distintas idades, así como un diploma acreditativo.

MERCADOS

PRP2023/1152

Dáse conta do escrito presentado por D. Juan Carlos López Ferro, en representación da Asociación de Comerciantes da Praza de Abastos de Vilagarcía, solicitando apertura da praza de abastos o 6 de abril, Xoves Santo:

Visto o informe do Servizo de Mercados, no que se indica que na Orde do 16 de setembro de 2022, da Consellería de Economía, Industria e Innovación, establece os domingos e festivos nos que se autoriza a apertura de establecementos comerciais durante o ano 2023, no cal se contempla o 6 de abril, como día autorizado, a Xunta de Goberno Local acorda acceder ao solicitado.

SANIDADE

PRP2023/1035

Con data 16 de marzo de 2023, rexistro de entrada 2023003695, don Sergio Acha Ventoso, solicita carné municipal de condutor para prestar servizos na licenza nº 34 da que é titular don Antonio Pérez Carballo, quen tamén asina a solicitude.

O regulamento municipal dos servizos urbanos de transportes en automóbiles lixeiros, establece no seu artigo 30.1, que é requisito imprescindible para poder conducir automóbiles adscritos ó servizo público de transporte en automóbiles lixeiros estar en posesión do permiso municipal de condutor expedido polo concello.

A solicitude de permiso municipal de condutor, indica o artigo 30.3 do regulamento municipal, deberá vir acompañada de copia do permiso de conducción de automóbiles da categoría BTP (que debe entenderse derogada pola disposición adicional segunda do Real Decreto 1055/2015, de 20 de novembro, polo que se modifica o regulamento Xeral de Conductores, co que sería esixible a categoría B); certificado médico oficial de non padecer enfermidade ou impedimento físico que imposibilite ou dificulte o normal desenvolvemento da profesión; certificado de residencia e de empadramento no concello de Vilagarcía de Arousa (que hai que entendelo

derrogado dende a entrada en vigor da lei 4/2013, xa que non esixe este requisito nin para ser titular da licenza, nin para ser condutor), declaración xurada de non estar incurso nas causas de incapacidade indicadas no artigo 10 do regulamento municipal e dúas fotografías.

Visto o que antecede don Sergio Acha Ventoso, cumpre co esixido na normativa autonómica e no regulamento municipal dos servizos urbanos de transportes en automóbiles lixeiros, para a expedición de carné municipal de condutor, polo que a Xunta de Goberno Local acorda acceder ao solicitado.

Fáise constar que a expedición do carné municipal e, polo tanto, a autorización para prestar servizo queda supeditada na súa eficacia, a que presente contrato de traballo.

PRP2023/1106

Dáse conta de escrito presentado por D^a María Luisa González Cebreiro e D^a. Sandra González Cebreiro con data 21 de outubro de 2022, relativa á renuncia de calqueira dereito que pudieran ter sobre as citadas unidades de enterramento a favor do resto de titulares, Vista a proposta do Concelleiro Delegado de Cemiterios, e unha vez examinada a documentación presentada, a Xunta de Goberno Local acorda o cambio de titular das Unidades de Enterramento abaixo referenciadas.

Cemiterio Xeral de Carril		
Número Nicho	Modalidade Adxudicación	Novo Titular
C956 C957	Concesión	D. Javier González Cebreiro – 25% D. Andrés González Cebreiro – 25% D ^a . Olalla González Cebreiro – 25% D ^a . Beatríz González Cebreiro – 25%

TURISMO E MEDIO AMBIENTE

MEDIO AMBIENTE

PRP2023/1036

Vista a proposta do Servizo Municipal de Medio Ambiente, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa TARRIO Y SUAREZ SL para o subministro dunha rede tridimensional para o parque infantil da Praia do Campanario, por un importe total de 6.221,83 € (IVE incluído), con cargo á partida 171.61900.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2023/1037

Vista a proposta do Servizo Municipal de Medio Ambiente, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa TARRIO Y SUAREZ SL para o subministro de 15 papeleiras para a colocación no Paseo Marítimo, Alameda e Xardín de Ravella, por un importe total de 7.800,88 € (IVE incluído), con cargo á partida 1720.62500.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2023/1146

Dáse conta da existencia dun erro no acordo da Xunta de Goberno Local de data 30 de xaneiro de 2023, de adxudicación á Empresa Multiservicios Contucho, S.L., da retirada anual e xestión do colector de plásticos mesturados do punto limpo, por un importe de 140 €/t (IVE non incluído), resultando un importe total estimado de 1.355,20€ (IVE incluído), figurando no mesmo:

....con cargo á partida 164-22700.

E debendo figurar:

.... con cargo á partida 1621.22700.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda corrixir o erro indicado.

PRP2023/1147

Dáse conta do escrito presentado por D. Ramón Garcáí Ferro solicitando a colocación de casetas nos parques caninos.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE**CONSUMO****PRP2023/1125**

Dáse conta do escrito enviado pola compañía aseguradora Mutua General de Seguros no que achegan o suplemento de renovación do seguro de Responsabilidade Civil Xeral deste Concello para o ano 2023, co nº de póliza 61020025, por un importe total de 78.214,43 €, correspondente ao periodo que vai do 01/01/2023 ao 31/12/2023, segundo consta na factura electrónica emitida por eles con nº 45635080 e da que xa dispoñen no Departamento de Intervención. A Xunta de Goberno Local acorda aprobar o pago do importe de 78.214,43 €, correspondentes á renovación dactada póliza de Responsabilidade Civil para o ano 2023, con cargo á partida 920.224.

PRP2023/1130

Dáse conta do escrito enviado pola compañía aseguradora Mutua General de Seguros no que achegan o suplemento de renovación para a anualidade 2023 dos seguros dos edificios deste Concello, achegan ademáis documento Excel agrupando os edificios por cada un dos servizos aos que corresponden e o coste por servizos, quedando resumido do seguinte xeito:

ADMON XERAL 8.272,07

AUGAS 3.810,79

BIBLIOTECA 3.107,19

CEMITERIOS 303,79

CULTURA 16.784,18

EDUCACION 576,13

EMERXENCIAS 1.124,15

EMPREGO 789,51

ESCOLA MUSICA 1.148,70

MEDIO AMBIENTE 197,85

MERCADOS 3.243,02

OBRAS 456,59

PERSOAS MAIORES 312,68
POLICIA 571,08
SAUDE PUBLICA 790,30
SERVIZOS SOCIAIS 2.548,10
SPAD 668,50
SUMIDOIROS 289,54
TURISMO 807,22
TOTAL 45.801,40

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar o aboamento do importe correspondente aos seguros de todos os edificios municipais, para a anualidade 2023, da entidade aseguradora Mutua General de Seguros, polo importe citado de 45.801,40 € (IVE incluído), con cargo á partida 920.224.

PRP2023/1134

Dáse conta do escrito enviado pola compañía aseguradora Mutua General de Seguros no que achegan o suplemento de renovación para a anualidade 2023 dos seguros da flota de vehículos deste Concello, achegan ademáis documento Excel agrupando os vehículos por cada un dos servizos aos que corresponde cada vehículo e o coste por servizos, quedando resumido do seguinte xeito:

- Servizo de Alumeado: 3.735,01 €
- Servizo de Medio Ambiente: 5.355,36 €
- Policía Local:3.361,37 €
- Protección Civil:6.854,35 €
- Servizo de Emerxencias: 5.383,69 €
- Salubridade Pública (5434HHW): 489,63 €
- Servizo de Portería :668,12 €
- SPAD: .489,63 €
- Servizo Vías Públicas: 9.145,76 €
- Servizo de Xardíns: 1.666,45 €

TOTAL FLOTA DE VEHÍCULOS ANUALIDADE 2023: 37.149,37 €

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar o pago do importe de 37.149,37 €, correspondentes á renovación dos seguros de toda a flota de vehículos municipais, para a anualidade 2023, unha vez remitida a correspondente factura electrónica por parte da entidade aseguradora Mutua General de Seguros., coa seguinte desagregación:

- Servizo de Alumeado: 3.735,01 €, con cargo á partida 165.224.
- Servizo de Medio Ambiente : 5.355,36 €, con cargo á partida 1720.224.
- Policía Local: 3.361,37 €, con cargo á partida 132.224.
- Protección Civil: 6.854,35 €, con cargo á partida 135.224.
- Servizo de Emerxencias: 5.383,69 €, con cargo á partida 135.224.
- Salubridade Pública (5434HHW) : 489,63 €, con cargo á partida 311.224.
- Servizo de Portería: 668,12 €, con cargo á partida 920.224.
- SPAD: 489,63 €, con cargo á partida 2311.224.
- Servizo Vías Públicas: 9.145,76 €, con cargo á partida 1530.224.
- Servizo de Xardíns: 1.666,45 €, con cargo á partida 171.224.

TOTAL FLOTA DE VEHÍCULOS ANUALIDADE 2023: 37.149,37 €

PRP2023/1137

Dáse conta do escrito enviado pola compañía aseguradora Mutua General de Seguros no que achegan información sobre o resto do programa de seguros diferente á frota de vehículos, edificios e responsabilidade civil para esta anualidade 2023. A Xunta de Goberno Local acorda a APROBACIÓN de cada un dos citados seguros, da entidade aseguradora Mutua General de Seguros, e que se relacionan a continuación:

- Obras de Arte/ póliza nº 31074102: .596,31 €, con cargo á partida 334.224.
- Accidentes membros de Corporación Municipal/ póliza 51042431: 181,64 €, con cargo á partida 912.224.
- Accidentes traballadores municipais/ póliza 51042433: 4.875,69 €, con cargo á partida 920.224.
- Accidentes SPAD/ póliza 51042437: 245,68 €, con cargo á partida 2311.224
- Embarcacións de Protección Civil/ póliza nº 61141584: 1.056,47€, con cargo á partida 135.224.

PRP2023/1141

Na sesión de Xunta de Goberno Local de data 06/02/2023, se acordaba estimar a reclamación presentada por D. Miguel Ángel Figueiras González, polos danos causados na terraza do seu piso sito na Rúa Vista Alegre nº 16-1º E, como consecuencia da caída dunhas árbores do Parque do Castriño.

No citado acordo indícase que se proceda por parte deste Concello ao abono ao reclamante da cuantía de 600 €, (en concepto de franquicia establecida coa compañía aseguradora), debendo pagar Mutua General de Seguros o resto da contía que excede o importe da franquicia, pero se condicionaba o pago á previa presentación de factura de reparación de danos que constase como pagada.

